



ILMO. CONCELLO DE VILARIÑO DE CONSO

SECRETARÍA

SEC 2017-6

CONCELLO DE VILARIÑO DE CONSO

EXPLOTACIÓN DO QUIOSCO-BAR AREA RECREATIVA
VILARIÑO DE CONSO

Vilariño de Conso, a 15 de Xuño de 2017

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS QUE REXERAN A CONTRATACIÓN DA EXPLOTACIÓN DO QUIOSCO-BAR DA ÁREA RECREATIVA DE VILARIÑO DE CONSO

1.-OBJECTO DO CONTRATO. XUSTIFICACIÓN

Constitúe o obxecto do contrato a explotación do quiosco ubicado na área recreativa de Vilariño de Conso. Pretendese con este contrato satisfacer as necesidades demandadas polos usuarios das piscinas fluviais e área recreativa de Vilariño de Conso.

2.- NATUREZA DO CONTRATO, REXIME XURÍDICO E NORMATIVA APLICABLE.

O contrato definido ten a calificación de contrato administrativo especial, tal e como establece o artigo 19.1 b) do Real Decreto Legislativo 3/2011, de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

Ámbalas dúas partes quedan sometidas expresamente ás súas normas específicas e á lexislación de contratos de das Administracións Públicas e disposicións de desenvolvemento, supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto as normas de dereito privado.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato serán resoltos polo órgano de contratación, e os seus acordos porán fin a vía administrativa e contra os mesmos haberá lugar a recurso contencioso-administrativo, conforme o disposto pola lei reguladora da devandita xurisdición, previa interposición, no seu caso, do recurso de reposición ou calquera outro que os interesados estimen procedente.

En todo o non previsto neste prego rexirá o RDL 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público; o Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007; o Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de contratos das



ILMO. CONCELLO DE VILARIÑO DE CONSO

SECRETARÍA

Administracións Públicas, no non derogado pola primeira lei; o resto de disposicións regulamentarias ditadas para a súa aplicación, así como as demais disposicións aplicables en materia de contratos de réxime local.

3.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN E ADXUDICACIÓN

A forma de adxudicación do contrato será o procedemento aberto, no que poderá presentar proposicións todo empresario interesado.

A tramitación do expediente declárase urxente debido a inmediata iniciación da tempada de verán das instalación da área recreativa.

4.- DURACIÓN DO CONTRATO.

A duración do contrato corresponde á tempada de verán de funcionamento das piscinas municipais, de dous meses, previsiblemente os meses de xullo e agosto.

5.- IMPORTE DO CONTRATO. CANON.

O adxudicatario retribuirase con cargo ós ingresos que xera a explotación do quiosco-bar

O adxudicatario deberá aboar ó concello un canon de 100 € (impostos incluídos) por toda a tempada, como mínimo, que poderá ser mellorado á alza polos licitadores. O aboamento do canon farase efectivo ó inicio da tempada, realizándose o pagamento no momento da formalización do contrato, na conta bancaria de titularidade do Concello.

6.- GARANTIAS

Non se esixe a constitución de garantía provisional.

O importe da garantía definitiva para constituír polo adxudicatario, en calquera das modalidades previstas no artigo 96.1 do TRLCSP, será do 5% do importe da adxudicación, excluído o IVE.

Dita garantía constituirase no prazo de 5 días hábiles contados dende o seguinte ó da recepción do requerimento efectuado polo órgano de contratación con dito fin. No caso de demora presumirase que o licitador retirou a súa oferta e procederase con arranxo ó disposto no artigo 151.2 do TRLCSP.

7.-CAPACIDADE PARA PARTICIPAR NA CONTRATACIÓN.

Poderán participar nesta licitación as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, e non se atopen incursas nas causas de prohibición ou incompatibilidade para contratar.



ILMO. CONCELLO DE VILARIÑO DE CONSO

SECRETARÍA

8.- DOCUMENTACIÓN PARA PRESENTAR.

As proposicións serán secretas e presentaranse en dous sobres pechados ou libros separados e asinados polos licitadores ou persoa que os represente:

SOBRE Nº 1: Levará a mención: "Documentación administrativa do procedemento aberto para a contratación administrativa especial consistente na explotación do quiosco-bar da área recreativa de Vilariño de Conso", presentada por coa sinatura do licitador ou persoa que o represente e indicación do nome, apelidos ou razón social da empresa.

O sobre deberá conter, consorte co disposto no artigo 146 do TRLCSP, unha declaración xurada do licitador indicativa de dispor da capacidade de obrar e da habilitación empresarial necesaria para a execución do contrato, conforme co seguinte modelo:

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE:

"D. _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____ r/ _____ nº _____ con DNI nº _____ en nome propio/ ou en representación da entidade _____ con CIF nº _____, a efectos da súa participación na licitación da contratación administrativa especial consistente na explotación do quiosco-bar da área recreativa de Vilariño de Conso para a tempada de verán 2017,

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

PRIMEIRO: Que se dispón a participar na contratación da explotación do servizo de quiosco-bar na área recreativa de Vilariño de Conso para a tempada de verán de 2017.

SEGUNDO: Que cumpre con todos os requisitos previos esixidos polo apartado primeiro do artigo 146 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público para ser adxudicatario do contrato das obras, en concreto:

-Que posúe personalidade xurídica e, se é o caso, representación.

-Que está debidamente clasificada a empresa ou, se é o caso, que conta cos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

-Que non está incurso nunha prohibición para contratar das recollidas no artigo 60 do Texto Refundido na Lei de Contratos do Sector Público e encóntrase ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social impostas pola lexislación vixente.

-Que se somete á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con



ILMO. CONCELLO DE VILARIÑO DE CONSO

SECRETARÍA

renuncia, no seu caso ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ó licitador (no caso de empresas estranxeiras)

TERCEIRO: Que se compromete a acreditar a posesión e validez dos documentos a que se fai referencia no apartado segundo desta declaración, no caso de que sexa proposto como adxudicatario do contrato ou en calquera momento en que sexa requerido para elo.

Para que conste, asino a presente declaración.

En _____ a ____ de _____ de 2017.

Sinatura do declarante.

Asdo: _____ "

SOBRE Nº 2: Levará a mención: "Oferta económica do procedemento aberto para a contratación administrativa especial consistente na explotación do quiosco-bar da área recreativa de Vilariño de Conso", presentada por coa sinatura do licitador ou persoa que o represente e indicación do nome, apelidos ou razón social da empresa.

Presentarase de acordo co seguinte modelo:

"D. _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____ r/ _____ nº _____ con DNI nº _____ en nome propio/ ou en representación da entidade _____ con CIF nº _____, a efectos da súa participación na licitación da contratación administrativa especial consistente na explotación do quiosco da área recreativa de Vilariño de Conso para a tempada de verán 2017,

FAGO CONSTAR:

Que coñezo o prego que serve de base ó contrato de explotación do quiosco da área recreativa de Vilariño de Conso, e que o acepto integramente, e que me comprometo a levar a cabo o obxecto do contrato nas seguintes condicións:

-Canon ofertado: _____ € (impostos incluídos).

En _____, a ____ de _____ de 2017.

Sinatura do licitador.



ILMO. CONCELLO DE VILARIÑO DE CONSO

SECRETARÍA

Asdo: _____ "

9.- PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS:

As proposicións presentaranse no rexistro xeral do Concello no prazo de 8 días naturais contados a partir do seguinte ó que se publique o anuncio de licitación no BOP en aplicación do establecido no artigo 159.2 do TRLCSP.

Os presentes pregos serán publicados no Perfil do contratante do Concello de Vilariño de Conso, podendo publicarse así mesmo, calquera outra información ou documentación que sexa necesaria ou convinte. Para a obtención desta información, e da adicional que poidera solicitarse estarase ó sinalado no artigo 158 do TRLCSP.

As proposicións presentaránse no Rexistro de Entrada do Concello de Vilariño de Conso en horario de atención ó público de 8:30 a 14:30, durante os 8 días naturais seguintes ó da publicación do anuncio no BOP. Se o último día de prazo fose inhábil, o prazo rematará o inmediato día hábil seguinte.

Tamén se poderán presentar as proposicións nos lugares indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das administracións públicas. Cando as proposicións se presenten por correo ou outros medios previstos en dito artigo, o interesado deberá acreditar co resgardo correspondente a data e hora de imposición do envío, e anunciar o mesmo día ó órgano de contratación por telex, fax ou telegrama a remisión da oferta, indicando título completo do obxecto do contrato e nome do licitador. A acreditación da recepción do devandito télex, fax ou telegrama efectuarase mediante unha dilixencia expedida o mesmo día polo secretaria municipal. Sen a concurrencia de ámbos requisitos non se admitirá a proposición se o órgano de contratación a recibe despois da data en que termina o prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, unha vez transcurridos dez días seguintes a esa data sen que se recibise a documentación esta non será admitida.

Cada licitador non poderá presentar máis de unha proposición, sen prexuízo do establecido nos artigos 147 e 148 do TRLCSP. Tampouco poderá suscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figura en mais dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas subscritas por el.

A presentación dunha proposición supón a aceptación incondicional por parte do interesado das cláusulas deste prego.



ILMO. CONCELLO DE VILARIÑO DE CONSO

SECRETARÍA

10.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN:

Establecese como único criterio de valoración a oferta económica, prezo do contrato por tempada.

A puntuación da oferta económica distribuirase de forma lineal entre todas as ofertas presentadas e aceptadas, sendo 0 puntos para a oferta económica igual ó orzamento de licitación e 10 para a oferta que presente o maior prezo por tempada. Para cada unha das ofertas intermedias a puntuación será directamente proporcional á oferta presentada segundo a seguinte formula:

Puntuación: (oferta a puntuar x 10 puntos) / (oferta con maior importe económico).

En caso de empate na puntuación obtida, resolveráse por sorteo.

11.- MESA DE CONTRATACIÓN

A mesa de contratación, de acordo co establecido no punto 10 da Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, en relación co artigo 21.2 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, estará presidida por un membro da corporación ou funcionario da mesma e actuará como secretario un funcionario da corporación. Formarán parte dela, ó menos catro, vogais, entre os calas estará o secretario ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico, e o interventor, así como aqueles outros que designe o órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da corporación, ou membros electos da mesma.

Conforman a mesa de contratación os seguintes membros:

- D. Ventura Sierra Vázquez, Alcalde do Concello, como presidente.
- Dª. Ana Maria Loureiro Silva, Secretaria do Concello, como vogal.
- Dª. Mercedes Manso Fernández, ADL do Concello, como vogal.
- Dª. Melisa Macía Dominguez, concelleira, como vogal.
- Dª. Maria Esther Alonso García, concelleira, como vogal.
- Dª. Marina Feijóo Fernandez, auxiliar administrativa, como secretaria.

No curso das súas funcións poderá pedir os informes e asesoramentos que considere convenientes.

12.- APERTURA DE OFERTAS.

O día seguinte hábil, ao remate do prazo de presentación de propostas constituirase a mesa de contratación, salvo que sexa preciso agardar por ofertas presentadas a través dos medios



ILMO. CONCELLO DE VILARIÑO DE CONSO

SECRETARÍA

previstos na Lei 39/2015. Neste caso sinalarase o día de constitución da mesa mediante anuncio a publicar no perfil do contratista do concello.

A mesa cualificará a documentación contida no sobre número 1 de documentación administrativa. Se fose necesario a mesa concederá un prazo non superior a tres días para que o licitador corrixa os defectos ou omisións emendables. Posteriormente, de ser o caso, o mesmo día, procederáse a apertura do sobre número 2.

13.- REQUERIMENTO DE DOCUMENTACION.

A mesa de contratación presentará as súas proposicións coa correspondente acta ó órgano de contratación, o cal clasificará as ofertas e requerirá ó licitador que presentase a oferta máis ventaxosa segundo os criterios de adxudicación para que dentro do prazo de cinco días hábiles a contar dende o seguinte a aquel en que recibise o requerimento, presente a seguinte documentación:

- Aquela que acredite a personalidade do empresario, DNI, NIF ou documento que o substitúa. A capacidade de obrar das persoas xurídicas acreditarase, ben mediante a escritura de constitución e de modificación, no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, ben mediante escritura ou documento de constitución, modificación, estatutos ou acto fundacional inscrito, no seu caso, no correspondente Rexistro Oficial.

Os que acudan a licitación en representación de outro, así como nos casos nos que o licitador sexa unha sociedade ou persoa xurídica, deberán presentar tamén escritura de poder para o efecto, validada pola secretaria do concello, e acreditar a súa personalidade mediante o DNI.

- Xustificación de estar dado de alta e ó día no Imposto de Actividades Económicas. No suposto de tratarse de un empresario individual a alta como autónomo no réxime correspondente da seguridade social e no Imposto de Actividades Económicas no epígrafe correspondente.
- Certificacións administrativas expedidas polo órgano competente, de estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil por un importe mínimo de 300.000 € en vigor.
- Constitución da garantía definitiva polo 5% do importe de adxudicación (ive excluído).



ILMO. CONCELLO DE VILARIÑO DE CONSO

SECRETARÍA

De non cumprirse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta decaendo automaticamente no seu dereito á adxudicación, procedéndose a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte.

De conformidade co disposto no artigo 79 bis in fine do TRLCSP en relación co artigo 11 do RXLCSP, establecece que os candidatos estarán exentos dos requisitos de acreditación da solvencia económica e financeira, e de acreditación da solvencia técnica e profesional para os contratos cuxo valor estimado non exceda de 35.000,00 €.

14.- ADXUDICACIÓN.

Recibida a documentación solicitada, o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. A adxudicación notificarase ós licitadores e simultaneamente publicarase no perfil do contratante.

15.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

A formalización do contrato efectuarase en documento administrativo na data que sinale a Administración contratante, e en unidade de acto, dentro do prazo de oito días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación ós licitadores e na data que sinale a Administración.

Cando por causas imputables ó contratista non se formalice o contrato dentro do prazo indicado, o concello poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva.

Non poderá iniciarse a execución do contrato sen a súa previa formalización.

16.- OBRIGAS DO CONTRATISTA.

-Explotar libremente o quiosco-bar instalado na área recreativa, conforme á lista de prezos de produtos que estará exposta ó público, e que serán similares os dos establecementos de Vilariño de Conso.

-Dotar ó quiosco, e a súa costa, de todo o material necesario para a súa explotación.

-Respetar o horario de apertura e peche que sinale o Concello, que será o que corresponda as piscinas.

-Coidar da limpeza da instalación durante todo o período contractual, así como entregar a instalación ó Concello ó finalizar dito período en perfecto estado de conservación e mantemento.

-Cumprir coas normas vixentes de lexislación laboral e de traballo, así como as de carácter



ILMO. CONCELLO DE VILARIÑO DE CONSO

SECRETARÍA

fiscal, seguridade social, hixiene no traballo e prevención de riscos laborais, quedando o concello libre de responsabilidade por estes incumprimentos. O adxudicatario, así como o persoal que atenda a instalación, deberá estar en posesión do correspondente carné de manipulador de alimentos.

-O contrato a que se refire este prego faise a risco e ventura do adxudicatario.

-O adxudicatario será directamente responsable dos danos causados a terceiros que sexan consecuencia do funcionamento normal ou anormal da explotación do quiosco. A tal efecto deberá ter suscrita unha póliza de seguro de responsabilidade civil.

-Finalizado o contrato, o adxudicatario entregará a instalación ó Concello en perfecto estado de conservación e libre de calquera carga ou gravame, así como das melloras efectuadas nas mesmas. Calquera obra, instalación ou mellora que pretenda facer o adxudicatario deberá ser autorizada polo concello, e os gastos serán en todo caso asumidos polo adxudicatario.

-Cando o contrato sexa resolto por culpa do contratista, a Administración incautaráse da garantía definitiva, sen perxuízo da indemnización polos danos e perdas orixinados á Administración no que exceden do importe da garantía.

17.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN

-Son infraccións leves, por cuxa comisión se impondrá unha multa de ata 600 €:

O retraso no cumprimento das obrigas xenéricas.

A desobediencia ás ordes dadas polo Alcalde do Concello.

A falta de limpeza e mantemento da instalación.

O incumprimento do horario de apertura e peche do establecemento.

Non gardar o debido decoro e corrección co usuario.

-Son infraccións graves, por cuxa comisión se pode impoñerse multas de ata 1.200 €:

A reiteración de infraccións leves.

As actuacións que den lugar á depreciación dos bens das instalacións.

O exercicio de actividades non comprendidas no contrato e o uso anormal das instalacións.

O reiterado incumprimento do horario de apertura e peche do establecemento.



ILMO. CONCELLO DE VILARIÑO DE CONSO

SECRETARÍA

O incumprimento da normativa aplicable ós establecementos da mesma clase.

Son infraccións moi graves, por cuxa comisión impóranse multas de ata 2.500 €:

A reiteración de infraccións graves.

A desobediencia das ordes de manter o lugar en condicións de seguridade, salubridade e ornato público.

O impago do canon.

18.- INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E RESOLUCIÓN DO CONTRATO

Son facultades do órgano de contratación a interpretación, modificación e resolución do contrato, de conformidade co establecido no TRLCSP.

Causas de resolución do contrato:

-O incumprimento das obrigas que corresponden ó adxudicatario, de acordo co previsto neste prego.

-Permanecer a instalación pechada sen autorización do concello.

-O incumprimento do deber de conservación e mantemento das instalacións.

-A realización de celebracións privadas ou externas ó servizo non autorizadas previamente, así como a apertura en horario nocturno.

19.- REXIME XURIDICO DO CONTRATO:

O presente contrato ten carácter administrativo especial especial e ambas as dúas partes quedan sometidas expresamente á lexislación de contratos do sector público e normas complementarias, normativa autonómica, e supletoriamente aplicaráse as restantes normas de dereito administrativo e no seu defecto, as normas de dereito privado.

As presentes bases e demais actos administrativos que se deriven do proceso selectivo poderán ser impugnados polos interesados utilizando os medios previstos na Lei 39/2015.

O ALCALDE





**ILMO. CONCELLO DE VILARIÑO DE
CONSO**

SECRETARÍA

D. Ventura Sierra Vázquez.

*Dilixencia de Secretaria: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas
foi aprobado por Decreto de Alcaldía de data 15/06/2017.*

A Secretaria-Interventora.

Ana María Loureiro Silva.

